



Concello de Cuntis

BANDO

D. MANUEL CAMPOS VELAY, ALCALDE DO CONCELLO DE CUNTIS,

FAI SABER:

Que o 13 de xuño de 2017 ábrese o prazo de inscrición para anotarse no programa Cuntilín Verán 2017. Este prazo permanecerá aberto ata o 20 de xuño inclusive. O día 23 darase a coñecer o listado de admitidXs.

Cuntilín Verán está destinado a menores en idade escolar e abarca o período vacacional estival comprendido entre o 26 de xuño e o 8 de setembro de 2017, permanecendo aberto todos os días de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 nas instalacións do CPI Aurelio Marcelino Rey García a excepción da semana das Festas Patronais de Cuntis, do 14 ao 20 de agosto de 2017 que estará pechado.

As inscricións poden realizarse en:

- Departamento de Igualdade e Benestar Social, telf. 986548005 (ext.1032)/ 986185723
- Correo electrónico: educacionfamiliar@concellodecuntis.es

PRAZAS LÍMITADAS

NO CASO DE SUPERAR O Nº DE PRAZAS A SELECCIÓN FARASE SEGUINDO OS SEGUINTES CRITERIOS:

1. Estar empadroadXs no concello de Cuntis polo menos 6 meses antes do inicio da actividade
2. Ter necesidade de conciliación familiar acreditada
3. Ter necesidades sociais e/o educativas que aconsellen a participación no programa
4. Estar matriculadXs no C.P.I. Aurelio Marcelino Rey García ou Escola Unitaria de Arcos
5. Ser familia numerosa e/ou monoparental

Cuntis, 2 de xuño de 2017.

O ALCALDE,